


O QUE DEBES SABER SOBRE A TRANSMISIÓN DA POBREZA

Transmisión interxeracional da pobreza (TIP): describe as dificultades que ten unha xeración que viviu os seus primeiros anos nun fogar en situación de pobreza, para xerar un cambio no estatus socioeconómico con relación á xeración anterior. Neste proceso de transmisión interxeracional da pobreza, a **acumulación de factores** ten unha importancia capital xa que estas tenden a consolidarse no tempo.

Factores da transmisión:

- **Familia.** A transmisión dun conxunto de capacidades e habilidades, máis aló do compoñente xenético, a valoración das mesmas por parte dos proxenitores e a existencia de espazos familiares que sirvan como canles para a súa adquisición son factores claves. A transmisión de hábitos de comportamento, actitudes, principios e valores, poden propiciar a reprodución da situación de pobreza orixinal, ou poden dotar de sentido vital ao adulto de forma que se promova a superación da situación de desvantaxe social.
- **Educación.** A pesar de que se ten producido unha mellora no nivel de estudos xeneralizada, como resultado da universalización da educación, a probabilidade de acadar niveis de estudos altos é maior canto maior é o nivel de formación dos proxenitores. Polo contrario, a superación do nivel educativo é de menor intensidade ente os fillos de pais e nais sen estudos. 8 de cada 10 persoas cuxos pais non acadaron a educación primaria, non conseguen completar os estudos secundarios.
- **Traballo.** A situación laboral e a ocupación dos proxenitores son factores que se atopan estreitamente ligados á existencia ou non dunha fonte de ingresos e á contía da mesma. De outro xeito, ese estatus laboral foi identificado como un claro factor de transmisión interxeracional entre pais e fillos, existindo una alta correlación entre o desemprego das familias de orixe e o desempeño de traballos non cualificados ou cualificados da agricultura e a pesca, e o maior risco de sufrir problemas económicos e situacións de pobreza na súa vida adulta.
- **Renda.** Tense observado unha importante relación entre o nivel de renda dos fogares de orixe, o nivel educativo acadado e a situación económica da que se desfruta. Por un lado, os problemas económicos na infancia e adolescencia actúan como freo na adquisición de niveis educativos máis altos. E polo outro lado, as dificultades económicas vividas ao principio da vida condicionan en gran medida as dificultades económicas no presente.

Segundo o estudo publicado pola Fundación de Estudos Sociais e de Socioloxía Aplicada (FOESSA)¹ no 2016, **8 de cada 10 persoas que viviron graves dificultades económicas na súa infancia e adolescencia, estanas revivindo na actualidade como adultos.**




2

“Non hai nenos e nenas pobres en familias ricas”


Cando falamos de pobreza infantil, referímonos á pobreza das familias con nenos e nenas, polo tanto a nosa sociedade non está asegurando unhas condicións de vida dignas ás familias con fillas e fillos. A continuación algúns datos que retratan a situación actual:

COMO É A SITUACIÓN EN GALICIA E ESPAÑA?




¹ La transmisión intergeneracional de la pobreza: factores, procesos y propuestas para la intervención: http://www.foessa.es/noticias_tags_noticialInfo.aspx?Id=8894

² Bienestar infantil en España, Unicef (2016). <https://www.unicef.es/publicaciones/bienestar-infantil-espana-2016>



Menores de 16 anos en fogares segundo a **dificultade para chegar a fin de mes**




Sesgo de optimismo vital: Diverxencia entre a situación obxectiva de pobreza dunha persoa e a valoración subxectiva que esta fai da súa calidade de vida. Deste xeito, segundo o estudo “A infancia en vulnerabilidade social” de Cruz Vermella, o 86% dos menores participantes da entidade con diferentes situacións carenciais manifestáronse satisfeitos co que tiñan.

³ <http://www.cruzroja.es/principal/documents/449219/1697460/BOLETIN13.Vs.+final.pdf/9d0c65dc-58d2-4c93-93b6-8fd8d3f74168>

COMO ESTÁ ESPAÑA EN COMPARACIÓN CON OUTROS PAÍSES DA UE?

% Gasto en protección social da infancia en relación ao PIB e % de nenos e nenas vivindo en pobreza



4

No 2016, o 32,9% dos menores de 18 anos se atopaban en risco de pobreza e exclusión en España. Esta cifra supón unha redución con respecto ao dato do ano 2015 (34,4%) no que ocupábamnos o quinto lugar europeo. Se temos en conta a pobreza ancorada no 2008 e segundo UNICEF xa sería o terceiro país europeo con maior pobreza infantil, tras Romanía e Grecia.

É importante destacar que as recomendacións de entidades especializadas indican que a pobreza infantil debe referirse aos menores de 18 anos, pero aínda é difícil atopar este desglose en fontes oficiais como o INE ou o IGE (emprégase menores de 16 anos). Máis info en Infancia en Datos e no barómetro da infancia de Save The Children⁵.

En Galicia no ano 2015 un 28,8%: 111.739 rapaces. E irán a peor na mocidade. O 38,2% das mozos e mozas españois entre 16 e 29 anos están en risco de pobreza (un 37,8% en Galicia).

Cando falamos de **pobreza severa**, España ten a medalla de prata europea por detrás de Romanía. 1.388.474 rapaces (o 16,7%) vivían no ano 2015 en fogares con ingresos inferiores a 330 euros ao mes.


España dedica un 1,3% do seu PIB total, fronte á media europea do 2,3%⁴. Dinamarca, por exemplo, cunha inversión do 3,7% do seu PIB ten unha taxa de pobreza infantil do 9,2%. Segundo UNICEF, **no 2007, o investimento público en España foi de 5158 € por neno/nena, no 2013, baixou ata os 4514 €**. En Galicia, pasouse de 6038 € a 5077 €.

⁴ https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/638770_ninos_fuera_de_la_pobreza_en_una_legislatura.pdf

⁵ <http://www.infanciaendatos.es> e <https://www.savethechildren.es/barometro-infancia>

⁶ <http://www.infanciaendatos.es/>

Nenos e nenas que viven na pobreza severa nalgúns países UE28 en 2015 (%)



CONCLUSIONES VIII SEMINARIO PARTICIPACIÓN

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Participando contra prexuízos e mentiras!

O Seminario Galego de Participación xirou en torno aos prexuízos e estereotipos. Sen dúbida, estas falsas –e incluso invisibles– crenzas interfieren na vida diaria das persoas en risco de exclusión de forma negativa, corrompendo a súa dignidade e liberdade. As diferentes propostas dos grupos de traballo, preséntanse a continuación agrupadas por categorías en función dos axentes que estarían implicados:

A nivel persoal/familiar

1. Tratar de coñecer ás persoas, buscando lugares para compartir con aquelas que son diferentes a min.
2. Educar aos nosos fillos e fillas no respecto así como formar parte da vida dos centros educativos, asociacións de pais e nais, escolas de familias,...
3. Difundir e defender causas comezando polos círculos máis pretos e en redes sociais.

4. Empregar ás entidades como canle de difusión para romper discursos de odio.
5. Participar en calquera espazo falando dende as capacidades e fortalezas, non dende as debilidades. Romper estereotipos a través do discurso e exemplos positivos.
6. Sempre responder ante situacións discriminatorias en base a prexuízos, dende a educación. É responsabilidade de todas e cada unha de nos darlles continuidade, ou non, ás situacións inxustas.
7. Facerse visibles e reclamar os nosos dereitos.
8. Apostar pola reeducación real das persoas que cometen algún delito.
9. Acercarse á realidade visitando entidades, acudindo a xornadas para compartir experiencias e coñecementos cos diferentes colectivos en risco de exclusión.
10. Denunciar todos os actos que aparecen en prensa ou medios de comunicación que estereotipan aos colectivos en risco de exclusión.

Medios de comunicación

11. Presión a medios de comunicación para evitar o fomento de estereotipos.
12. Campañas de concienciación a medios da importancia da mensaxe que se transmite en función da linguaxe e os datos aportados.
13. Campañas e vallas publicitarias que rompan estereotipos.
14. Consumir e difundir publicidade máis acorde coa realidade. Fomentar o espírito crítico nos cidadáns para falar e opinar sobre determinados colectivos, estar ben informados sobre eles sen deixarnos levar polo primeiro que escoitemos.
15. Non facerse eco de informacións estereotipadas.

Sistema educativo

16. Educación en valores dende idades temperás. Fomento da diversidade e creación de conciencia social en centros educativos.
17. Educación socio afectiva dende a infancia.
18. Fomento da diversidade nas asociacións de nais e pais. Propiciar a participación de todas as persoas sen que as diferenzas económicas ou de calquera índole supoñan barreiras.
19. Incorporación da tolerancia ao currículo académico.

Entidades terceiro sector

20. Levar a cabo actividades de sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para medios de comunicación.
21. Realizar máis traballo en rede, facendo de transmisores e defensores dos dereitos das persoas. Actuar conxuntamente defendendo causas comúns.
22. Prestar o maior apoio posible nas denuncias públicas sobre a presenza de estereotipos e prexuízos nos medios de comunicación.
23. Traballar dende as capacidades da persoa, reforzando a autoestima.
24. Actuar como facilitadoras da inclusión en diferentes ámbitos.

Poderes públicos

25. Tomar conciencia e responsabilidade levando a cabo diferentes campañas informativas e actividades de sensibilización da poboación.
26. Eliminación de barreiras que impiden unha participación efectiva de todas as persoas na sociedade.
27. Promover e fomentar espazos de encontro e intercambio cultural para favorecer así o coñecemento sobre diferentes colectivos e situacións particulares. Por exemplo, xornadas de deporte en equipo, baseadas na diversidade das persoas participantes.

Pódese ver que en ocasións se fai complicado separar ou distinguir unha proposta de outra. Partimos da base de que **os estereotipos e prexuízos son froito do descoñecemento da realidade, da necesidade humana de simplificar a complexa realidade que nos rodea.**

PROPOSTAS III CONGRESO ESTATAL PARTICIPACIÓN

Durante os días 28, 29 e 30 de setembro celebrouse en Bilbao o III Congreso Estatal de Participación. Nel abordáronse os seis títulos da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea: Dignidade, Liberdade, Igualdade, Solidariedade, Cidadanía e Xustiza. O obxectivo é contribuír ao empoderamento de quen participe como cidadanía, coñecendo, comprendendo, defendendo e reclamando os seus dereitos.

As conclusións e propostas máis votadas foron as seguintes:

Mesa Cidadanía:

Cumprimento dos dereitos fundamentais das persoas como garante dunha plena xustiza social. Eliminar a **violencia administrativa** clamada burocracia para que deixe de ser unha barreira no acceso aos nosos dereitos.

Mesa Dignidade:

Os dereitos fundamentais vinculados á dignidade, deben concretarse en dereitos subxectivos, **deben ser exhibibles, e non estar vinculados á dispoñibilidade orzamentaria**. Por exemplo, no caso da renda garantida, o acceso á vivenda e á sanidade universal.

Concienciación da sociedade civil, da cidadanía, sobre o seu papel na mellora da situación das persoas en exclusión social. **Loita eficaz contra os delitos de odio, intolerancia e aporofobia.**

Mesa Liberdade:

Medidas que garantan o **acceso igualitario á formación** (espazos de apoio á diversidade, involucrar aos pais na formación dun xeito máis intenso, apoiar a persoas en dificultade por exemplo persoas adultas que poidan regresar á formación).

Medidas relacionadas coa **Non Discriminación**: unha cidadanía para todos, da igual quen sexa e de onde veña.

Mesa Igualdade:

Darlle máis importancia á educación en igualdade nas familias, comunidade e Medios de Comunicación.

Fomentar **medidas para compartir o coidado** como permisos de paternidade igualados, eliminar os roles tradicionais do home e da muller na familia.

Favorecer o acceso ás persoas con discapacidade, e a todas as persoas en risco de exclusión social ao mercado laboral.

Protexer o emprego ante a discriminación. Mesmo traballo, mesmo salario.

Mesa Xustiza:

Transformar a linguaxe xudicial para que calquera cidadán poida entender.

Poñer en funcionamento **un servizo de atención á cidadanía en canto ao acceso aos dereitos**, incluíndo a asistencia gratuíta. Establecer normas para un coidado especial coas persoas máis vulnerables, con máis mediadores sociais, e para a prevención do maltrato institucional.

Debemos permanecer unidos para reivindicar os nosos dereitos a nivel xudicial. Debemos presionar a todos os poderes públicos. Mobilizar á xente que nos rodea, empezando pola nosa contorna, para que a cidadanía se manifeste, co apoio do terceiro sector.

Mesa Solidariedade:

As rendas mínimas teñen que adaptarse ás necesidades das familias e persoas para permitir unha vida autónoma. Teñen que ser un dereito constitucional. Para elo, deben ser compatibles cos ingresos anuais de emprego, con empregos transitorios e temporais, e ter requisitos máis flexibles con respecto ao patrimonio para o acceso. No caso de

sancións e suspensións da renda, informar por escrito e deixar prazo para alegacións, antes de arrastrar a unha situación de maior pobreza á persoa perceptora.

Os empregos teñen que ser dignos, tanto en salarios como en condicións laborais. Ten que haber máis inspeccións laborais para controlar abusos. Non se debe tolerar a discriminación nin por raza, idade, nin sexo. Por exemplo, fomentar o uso do currículo cego. Todos os contratos teñen que ter acceso a subsidio por desemprego. Se debe homologar este aspecto ao réxime das empregadas/os do fogar, que actualmente non teñen paro nin subsidio. Se deben crear cotas nas empresas para que as persoas en situación de pobreza poidan acceder ao emprego.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL. Día Internacional para a erradicación da pobreza

Aprobada por unanimidade no Pleno do Parlamento de Galicia do 17 de outubro de 2017

Con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia e as deputadas e deputados que representamos á cidadanía galega, queremos reiterar o noso compromiso unánime do ano 2010 e lembrar de novo a necesidade urxente de seguir avanzando na loita contra a pobreza extrema na que aínda hoxe malviven máis de 1.400 millóns de persoas. Queremos tamén recoñecer o esforzo e sentir dos galegos e galegas que defendendo os dereitos humanos se esforzan por conseguir un mundo mais xusto e loitan contra a desigualdade.

O crecemento e a recuperación económica, aínda que está permitindo recuperar algunhas das políticas e orzamentos de inclusión social ou emprego, non será efectivo mentres non garanta de xeito estable o seu dereito a unha vida digna a todas e cada unha das galegas e galegos que no 2016 estaban en risco de pobreza ou exclusión social, o 25,4% da poboación.

Queremos recoñecer o esforzo e solidariedade de gran parte da poboación galega nos peores anos da crise económica: familias, veciñanza e en especial as nosas persoas maiores. Sabemos da súa debilidade e das serias dificultades que terían para afrontar outra crise.

Somos conscientes da obriga de seguir avanzando no noso modelo social no que non se permita deixar a ninguén ao marxe, e no que dende os poderes públicos se garanten os dereitos constitucionais e a inclusión social.

En especial é urxente e vital para o futuro de Galicia evitar a transmisión interxeracional da pobreza. Hai que seguir loitando para evitar que o 80% das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

As propias persoas en risco de pobreza e baixo lemas como “*As persoas primeiro*” ou “*Somos persoas, non expedientes*”, resumen as súas demandas en tres principios: Loitar contra as causas da pobreza e a desigualdade, moi lonxe do asistencialismo e asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos

(mediante o emprego ou rendas mínimas áxiles). Compromiso en orzamentos e planificación a medio e longo prazo. E unha coordinación política e técnica entre as administracións e coas organizacións especializadas que reduza drasticamente a burocracia.

Conmemoramos este Día cando **asistimos a unha crecente evolución dos prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo ás persoas en risco de pobreza ou exclusión.**

Os delitos de odio en España incrementáronse case nun 93% dende o 2011 ata o 2015. Nas redes sociais so entre 2015 e 2016 os delitos de odio medraron nun 82% segundo a Fiscalía Xeral do estado.

Fenómenos como o racismo, a xenofobia e a aporofobia (odio ás persoas en pobreza) son especialmente incidentes. Neste último caso, unha de cada cinco persoas sen fogar foi agredida fisicamente cando menos unha vez, e unha de cada tres foi insultada ou vexada.

As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais.

Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tuteladas ou as privadas de liberdade.

Ninguén e culpable do seu sufrimento. Non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual.

Non existen as relixións que defendan o terrorismo ou a violencia.

Ningunha persoa é inútil. Sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar.

As persoas que sofren e denunciaron estas e outras moitas mentiras no último **Seminario Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva** ou as que afirmaron que “o máis perigoso dos prexuízos é cando ti mesmo os cres” non están soas.

Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir a igualdade de todos os cidadáns, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e favorecer o respecto, a tolerancia e a participación activa de todas as persoas.

Temos tamén o compromiso de difundir e poñer o foco nas experiencias positivas, e nos exemplos de harmonía e convivencia normalizada, que son a maioría, evitando a difusión dunha visión sesgada e non real das persoas que viven situacións de exclusión social.

Neste Día Internacional para a Erradicación da Pobreza queremos facer un chamamento para non caer na ignorancia dos prexuízos, e dar un paso cara a inclusión urxente das persoas que non se atopan en igualdade de condicións para a consecución dunha vida digna.